



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2012.**

### **ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIRO/AS:**

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

### **Non asisten e se escusan:**

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

### **SECRETARIO:**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 17 de decembro de 2012, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

## **1. APROBACIÓN DA ADDENDA Ó DOCUMENTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE MESÍA.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

*“Visto que en sesión plenaria de data 24 de abril de 2012 aprobouse provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mesía, remitíndose o expediente completo á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para súa aprobación definitiva.*

*Visto que en data 27 de xullo de 2012 recíbese a Orde de 27 de xullo de 2012 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no que se esixe unha serie de correccións sobre o documento remitido.*

*Visto que en sesión plenaria de data 19 de outubro de 2012 aprobouse o “Documento de aprobación definitiva” do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mesía, que contiña*



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*as modificacións esixidas pola Orde de 27 de xullo de 2012 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sobre o documento de aprobación provisional.*

*Resultando que dito documento se remite á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en data 22 de outubro de 2012, estando pendente de aprobación definitiva.*

*Resultando que o equipo redactor, unha vez enviado o documento á Consellería, detectou unha serie de erros que deben ser corrixidos antes da aprobación definitiva.*

*Por todo o que antecede, e visto o ditame favorable da Comisión Informativa de seguimento do Plan Xeral de Ordenación Municipal, de conformidade co artigo 85.7.b) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, proponho ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Aprobar a Addenda ó Documento de aprobación definitiva, que corrixe unha serie de erros detectados no “Documento de aprobación definitiva” que foi aprobado en sesión plenaria o 19 de outubro de 2012.*

*SEGUNDO.- Remitir a Addenda ó Documento de aprobación definitiva á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para incorporalo ó expediente de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mesía.*

*En Mesía, a 12 de decembro de 2012. O Alcalde Asdo./Mariano Iglesias Castro”*

Manifesta o Sr. Alcalde que, tal como se explicou na Comisión Informativa de seguimento do Plan Xeral, constatáronse dous pequenos erros polo equipo redactor no documento de aprobación definitiva, polo que é necesario facer dúas modificacións nese documento, que consisten, por unha parte, en recortar a extensión de sete núcleos, e por outra, en aumentar a parcela mínima e o fronte mínimo noutros cinco.

Sometido o asunto a votación, aprobouse por unanimidade dos concelleiros presentes.

## **2. POS 2013. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

*“1.- Aprobar o Plan de provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, cuxas bases se coñecen a aceptan na súa totalidade, no que se recollen os obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:*

*A) Realización de obras:*



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
ACOMETIDAS REDE DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CONCELLO DE MESÍA. FASE III – PARROQUIA DE CABRUI	94.148,66 €	4.955,20 €	99.103,86 €
SUBTOTAL OBRAS	94.148,66 €	4.955,20 €	99.103,86 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

## B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	130.571,89 €

## C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	94.148,66 €	4.955,20 €	99.103,86 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	130.571,89 €	-----	130.571,89 €
TOTAL	224.720,55 €	4.955,20 €	229.675,75 €

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2013 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
SISTEMAS SOLARES TÉRMICOS EN VARIOS PUNTOS DO CONCELLO	68.807,26 €

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*En Mesía, 12 de decembro de 2012. O alcalde, Asdo./Mariano Iglesias Castro*

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que este ano inclúese unha sola obra no Plan, destinada a poñer a auga na parroquia de Cabrui, salvo a unha ou dous casas que están un pouco illadas e xa non nos daba o orzamento, pero que en todo caso intentaremos dotalas do servizo en canto se poida. Con esta obra permitirase así mesmo un mellor funcionamento da rede. Por outra banda, dedicamos a gasto corrente o cincuenta e sete por cento do Plan, porque xa outros plans os destinamos a inversión. En todo caso, tratamos de seguir mantendo un orzamento equilibrado pero tamén procuramos manter as nosas infraestruturas.

Manifesta o Sr. Álvarez que a nos tampouco nos gustaría ter que dedicar o cincuenta e sete por cento do Plan a gasto corrente, pero entendemos que a proposta é razoable polo que imos votar a favor.

Sometido o asunto a votación, aprobouse por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e cincuenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,